

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN DIFERENTES SITUACIONES

1. RECOLLIDA DO ALUMNADO

- Nas horas de entrada e saída do colexio será o profesorado de turno o encargado de vixiar a chegada ou saída do alumnado.
- Cando un neno perde o autobús chamarase á casa. Se é imposible comunicarse con algún familiar para que o veñan a buscar avisarase á policía municipal para que o leven ao seu domicilio.
- No caso de que algún familiar queira recoller o seu fillo/a persoalmente deberá estar esperando na saída. Baixo ningún caso o neno/a deberá quedar agardando a que o veñan a buscar. Se non o están esperando deberá subir ao autobús.
- En situacións meteorolóxicas excepcionais os pais/nais deben prever a volta a casa dos seus fillos en horario non habitual. Dende o colexio trataremos de poñernos en contacto con todas as familias para avisalos desta situación sempre que sexa posible.
- Cando os pais/nais teñan que recoller a un alumno durante o horario lectivo por calquera motivo, deberán cubrir o permiso de saída en conserxería.

2. ASISTENCIA SANITARIA:

- No caso dun accidente ou enfermidade dun alumno, tanto no centro como en actividades complementarias ou extraescolares fóra del, porase de inmediato en coñecemento da familia. No suposto de que un familiar non puidese facerse cargo do alumno accidentado ou indisposto ou a urxencia o requira, acompañará ao alumno, preferentemente a unha institución sanitaria da Seguridade Social máis próxima, o seu titor ou outro mestre do centro.
- Para levar o neno /a ata o centro sanitario chamarase ao 061.

3. ENTRADA NAS CLASES:

- Os pais/nais que, por calquera motivo, necesitan falar co titor/a do seu fillo /a deberán dirixirse ao conserxe, e en ningún caso subir ás aulas.

4. FALTAS DE ASISTENCIA:

- Cando un alumno/a necesite faltar ás clases, por outros motivos que non sexa unha enfermidade imprevista, informará ao titor/a para que este lle entregue un xustificante que o pai/nai terá que cubrir.

5. TRANSPORTE ESCOLAR.

ALGUNHAS FUNCIONS DA PERSOA ACOMPAÑANTE:

A principal función da persoa acompañante é a vixilancia e o coidado do alumnado transportado, durante o tempo que permanezan no vehículo e mentres soben e baixan do mesmo. Así mesmo, como acompañante:

- Encargarase da recollida e acompañamento do alumnado durante o seu transporte, das operacións de acceso e abandono do vehículo, así como de acompañalo dende o mesmo ata a entrada do recinto escolar e viceversa.
- Comunicará á Dirección do centro docente calquera incidencia relacionada co alumnado durante o transporte ou nos momentos de acceso e abandono do vehículo.
- Comprobará que cada alumno baixe na parada que lle corresponda.
- Asegurarase de que son recollidos polos seus pais/nais ou persoa autorizada para facelo.
- Coidará do alumnado afectado por posibles indisposicións leves. En caso de maior gravidade, avisará tanto aos servizos de urxencias médicas e ás familias que corresponda.

FUNCIONS DA FAMILIA:

As nais e os pais, así como os titores legais, de ser o caso, teñen unha responsabilidade importante na seguridade dos seus fillos e das súas fillas no que se refire ao transporte escolar. Deberán asegurarse de que coñecen estas regras:

- Que chega a tempo.
- Que non corre para chegar ao bus, nin para subir ou baixar del.
- Que se retira cara atrás cando se achega o bus.
- Que non empuxa aos demais.
- Que se mantén sentada/o no seu sitio.
- Que non grita nin alborota.
- Que obedece á persoa acompañante e ao condutor.
- Que agarda ao sinal da/do acompañante se ten que cruzar por diante do bus, e que sempre o fai a unha distancia de 3 metros.
- Que nunca se agacha por debaixo ou preto do bus.

Se vai recoller ao seu fillo /a con coche particular, non estacione no lado oposto da parada do bus; isto obrigaríalle a cruzar a rúa, co risco que iso implica. Pode evitalo aparcando no mesmo lado que o fai o bus.

Non deixe que a súa filla /o corra ou xogue con movementos bruscos na parada do bus. É moi perigoso cando hai tráfico preto.